

# Programación didáctica de Valores Éticos. Materias de 2º e 4º da ESO da área de Filosofía

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	3
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	3
OBXECTIVOS.....	5
TEMPORALIZACIÓN. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, E AVALIACIÓN .....	6
2º ESO .....	6
4º ESO .....	11
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR AS MATERIAS DA ÁREA DE FILOSOFÍA NA ESO.....	16
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .....	17
METODOLOXÍA .....	18
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	18
CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO .....	19
MECANISMOS DE REVISIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE .....	21
ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	23
DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	23
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	23
CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA .....	24
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	25

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, especifícase como obxectivo básico da materia *Valores Éticos orientar ó alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal*.

Inclúese esta área na Ensinanza Secundaria Obrigatoria, segundo a Lei, por mor da súa idoneidade para educar aos rapaces e rapazas de xeito que vaian construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que lles axuden a guiar as súas propias eleccións e conduta de modo que *realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global*.

Esencial nese código de valores éticos necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade xusta e igualitaria: a perspectiva de xénero.

Non obstante, *Valores éticos e Igualdade de xénero*, materias específicas na área de Filosofía na ESO, son materias *non troncais*, -é dicir: de carácter optativo para o alumnado-, cunha exigua proxección no cadro de distribución horaria da Educación Secundaria Obrigatoria: un único período lectivo semanal en todos os cursos nos que se ofertan. Este dato estrutural é esencial na programación didáctica do proceso ensino-aprendizaxe nesta área.

## CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O desenvolvemento das competencias é a base da estrutura curricular das materias no ensino básico obrigatorio no contexto da LOMCE. A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, recolle no artigo 2 as seguintes competencias clave:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)

- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

### Comunicación lingüística e competencias sociais e cívicas

A competencia en comunicación lingüística inclúe destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e o diálogo. Tamén inclúe destrezas vinculadas ao tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos en distintos formatos.

Inscríbese nun marco de actitudes e valores imprescindible nas situacións comunicativas concretas nas que se produce e desenvolve. Actitude asertiva e empática. Valores sociais e cívicos como o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo, a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a resolución de conflitos, o respecto ás normas de convivencia, a tolerancia e a apertura á diversidade.

Estas actitudes e valores, xunto coa información cultural obxecto de intercambio comunicativo, enlazan indisociablemente as competencias comunicativa e social e cívica.

Contribución das materias da área de filosofía ao desenvolvemento das competencias social e cívica e en comunicación lingüística En *Valores éticos* en En 2º, 3º e 4º: un 57% e 55%, das aprendizaxes básicas contempladas no deseño curricular da materia están vinculadas á CCL e CSC.

### Aprender a aprender : iniciativa emprendedora e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Investigar, seleccionar información, contrastar, relacionar, elaborar esquemas, debater, argumentar conclusións: ...*aprender a aprender* e *sentido da iniciativa e espírito emprendedor*. Competencias que, conxuntamente, reflicten o paradigma que fundamenta a racionalidade científico tecnolóxica na que se basea o noso modelo cultural. A contribución da área de Filosofía na ESO á *competencia científica e tecnolóxica* inscríbese, por tanto, neste marco procedimental.

Contribución das materias da área de filosofía ao desenvolvemento das competencias *aprender a aprender*, *iniciativa emprendedora* e *competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*? En *Valores éticos* en 1º da ESO o 42% por cento das aprendizaxes básicas contempladas no deseño curricular da materia están vinculadas á CAA, CMCCT e CSIEE. En 2º, 3º e 4º: un 47%, 34% e 44%, respectivamente. En *Filosofía*, 4º da ESO, o 43%.

### Competencia dixital

Con independencia da exigua porcentaxe de estándares de aprendizaxe ligados a ela nos *dcb* das materias en cuestión, a competencia dixital é un dos obxectivos básicos da área de Filosofía. É esta unha competencia tansversal, ineludible en tanto traballamos con datos que nos esixen non só seleccionar en páxinas web información rigorosa e contrastada, senón tamén,

-hoxe máis que nunca-, ser quen de elaborar e traballar a información a través de presentacións con soporte informático e audiovisual.

## OBXECTIVOS

Da redacción da LOMCE despréndese inequivocamente que, a área de Filosofía na ESO é un eixo de referencia básico no desenvolvemento de competencias e, polo tanto, dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria.

Obxectivos específicos da nosa área son todos os obxectivos explícitos no Artigo 10 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, e especificamente desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. Practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo*
- b. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.*
- c. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico*
- d. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, textos e mensaxes diversos.*
- e. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.*

VALORES ÉTICOS 2º ESO

**AVALIACIÓN: 1ª**

**A. PROGRAMA**

TEMA 1: A DIGNIDADE

Duración aproximada: seis días

CONTIDOS

- 1.- Concepto de persoa.
- 2.- Visión kantiana: A persoa como suxeito autónomo e fin en si mesmo.
- 3.- Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Construir un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.
2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía mediante a concepción Kantiana de persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.
3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.
- Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.
- Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.
- Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.
- Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.

## **TEMA 2:**

### A COMPRESIÓN, O RESPECTO E A IGUALDADE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

Duración aproximada:cuatro días

#### CONTIDOS:

- 1.- Diferenzas entre ética e dereito.
- 2.- Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informáticos.
- Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.

## **B. AVALIACIÓN**

Dado que a clase de valores éticos redúcese a unha hora semanal, valorarásese especialmente o traballo en clase.

En cada avaliación realizarásese un exame sobre os contidos vistos na clase que suporá o 70% da nota, a porcentaxe restante (30%) consistirá na observación do/a alumno/a na aula (participación, traballo, actitude e interese pola materia, exercicios recollidos, busca de material dalgún tema proposto...). Terase en conta a consecución das competencias clave e os elementos transversais, en especial a Comunicación Lingüística (oral e escrita), Social e de Educación Cívica, Aprender a Aprender e a Competencia de emprendemento.

Será preciso acadar un cinco para aprobar. No suposto de que isto non sucedera proporase unha **recuperación** que consistirá nun exercicio (proba escrita) ou nun traballo indicado pola docente responsable da materia.

O exame podería realizarse nos últimos días de Novembro.

## **AVALIACIÓN: 2ª**

### **A.- PROGRAMA**

#### **TEMA 3: RELACIÓNS INTERPERSONAIS E VALORES**

**DURACIÓN APROXIMADA: 10 días**

##### **CONTIDOS:**

1. Natureza social e comunitaria do ser humano.
2. Valores e virtudes das relacións interpersonais.
3. Proceso de socialización.
4. Habilidades sociais (I): a asertividade.
5. Habilidades sociais (II)

##### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

1. Comprender que as persoas somos seres comunitarios.
2. Coñecer os tipos de relacións entre persoas.



3. Saber os valores morales que se desprenden das relacións personais e das impersonais.

4. Entender o proceso de socialización e ser quen de poñer en práctica as habilidades sociais principais.

5. Consecución axeitada das competencias clave e os elementos transversais, en especial a de comunicación lingüística, tanto oral como escrita, pero tamén as de educación cívica, aprender a aprender, competencias sociais e capacidade de emprendemento.(CCL,CSC, CAA, CSIEE, CD, CMCCT)

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Definir xustiza, amizade, tolerancia, cooperación, fidelidade, liberdade, igualdade e solidariedade. (1 punto)
- Explicar a diferenza e poñer exemplos de relacións persoais, impersoais e cousificantes. (2 puntos)
- Explicar o significado que ten a dimensión comunitaria dos seres humanos. (1 punto)
- Explicar a socialización primaria e secundaria (1 punto)
- Enumerar os axentes de socialización (1 punto)
- Prácticas de habilidades sociais (5 puntos)

#### **B.- AVALIACIÓN**

Dado que a clase de ética non é máis ca unha hora semanal, valoraremos moito o traballo de clase.

En cada avaliación haberá un examen sobre a materia vista na clase, que suporá un 70% da nota. O outro 30% restante estará formado pola participación en clase, interese hacia a materia, traballos tanto individuais coma en grupo, recollida de material sobre un tema proposto etc.

Será necesario un cinco para aprobar. No caso de suspenso, a **recuperación** poderá constar dun examen teórico, ou ben na presentación dun traballo indicado pola profesora. A nota final de curso obterase da media das tres avaliacións, tendo en conta todos os criterios recollidos anteriormente.

#### **AVALIACIÓN 3ª**

#### **A.-PROGRAMA**

TEMA 4: VALORES ÉTICOS E DEREITOS HUMANOS DURACIÓN APROXIMADA: 10 días

CONTIDOS:

1. Dignidade das persoas e Dereitos Humanos.

2. Violación e defensa dos Dereitos Humanos.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

1. Coñecer a diferenza entre o ámbito do privado e o ámbito do público.

2. Saber qué son e cuáles son os Dereitos Humanos.

3. Ser conscientes das violacións de moitos Dereitos Humanos e da maneira de loitar contra elas.

4. Coñecer os Organismos que traballan pola defensa dos Dereitos Humanos.

5. Consecución axeitada das competencias clave e os elementos transversais, en especial a de comunicación lingüística, tanto oral como escrita, pero tamén as de educación cívica, aprender a aprender, competencias sociais e capacidade de emprendemento.(CCL,CSC, CAA, CSIEE, CD, CMCCT)

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Definir os Dereitos Humanos (1 punto)
- Citar algúns dereitos de 1ª xeración, de 2ª xeración de da 3ª xeración dos Dereitos Humanos (1 punto).
- Confecionar un mural sobre os Dereitos Humanos e a súa defensa na actualidade (5 puntos).
- Coñecer os Organismos que traballan pola defensa dos Dereitos Humanos (1 punto).

#### **B.- AVALIACIÓN**

Dado que a clase de Valores Éticos non é máis ca unha hora semanal, valoraremos moito o traballo e actitude na clase.

En cada avaliación haberá un examen sobre a materia vista na clase, que suporá un 70% da nota. O outro 30% restante estará formado pola participación en clase, interese hacia a materia, traballos tanto individuais coma en grupo, recollida de material sobre un tema proposto etc.

Será necesario un cinco para aprobar. No caso de suspenso, a recuperación poderá constar dun examen teórico, ou ben na presentación dun traballo indicado pola profesora. A nota final de curso obterase da media das tres avaliacións, tendo en conta todos os criterios recollidos anteriormente.

Concretaranse as actividades e/ou exame de recuperación atendendo ao informe de avaliación correspondente. Deseñaranse atendendo ao grao mínimo de consecución para superar a materia.

## 4ºESO

### AVALIACIÓN: 1ª

#### A. PROGRAMA

##### TEMA 1:

##### A DIGNIDADE DA PERSOA

Duración aproximada: 6 DÍAS

##### CONTIDOS

1.- A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.

2.- Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade.

3.- Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc...

##### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.

##### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.
- Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.
- Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc...

## **TEMA 2:**

### A COMPRESIÓN, O RESPECTO E A IGUALDADE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

Duración aproximada: 4 días

#### CONTIDOS:

- 1.- Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.
- 2.- Fenómeno da socialización global.
- 3.- Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.
- 4.- Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión e outros dereitos.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.
2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.
- Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.

- Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresáintes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.
- Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc...
- Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.
- Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.
- Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.

## **B. AVALIACIÓN**

Dado que a clase de valores éticos redúcese a unha hora semanal, valorarásese especialmente o traballo en clase.

En cada avaliación realizarase un exame sobre os contidos vistos na clase que suporá o 70% da nota, a porcentaxe restante (30%) consistirá na observación do/a alumno/a na aula (participación, traballo, actitude e interese pola materia, exercicios recollidos, busca de material de algún tema proposto...). Terásese en conta a consecución das competencias clave e os elementos transversais, en especial a de Comunicación Lingüística (oral e escrita), Social e de Educación Cívica, Aprender a Aprender e a Competencia de emprendemento .

Será preciso acadar un cinco para que a materia estea aprobada e no suposto de que isto non sucedera proporásese unha **recuperación** que consistirá nun exercicio (proba escrita) ou nun traballo indicado pola docente responsable da materia.

O exame podería realizarse nos últimos días de Novembro.

A nota final de curso obterase da media das tres avaliacións, tendo en conta todos os criterios recollidos anteriormente.

## **AVALIACIÓN: 2ª**

### **A.- PROGRAMA**

TEMA 3: RELACIÓNS INTERPERSONAIS E VALORES DURACIÓN APROXIMADA: 10 días CONTIDOS:

1. Natureza social e comunitaria do ser humano.
2. Valores e virtudes das relacións interpersonais.
3. O proceso de socialización.
4. Habilidades sociais (I): a asertividade.
5. Habilidades sociais

(II) CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

1. Comprender que as persoas somos seres comunitarios.
2. Coñecer os tipos de relacións entre persoas.
3. Saber os valores morales que se desprenden das relacións persoais e das impersonais.
4. Entender o proceso de socialización e ser quen de poñer en práctica as habilidades sociais principais.
5. Consecución axeitada das competencias clave e os elementos transversais, en especial a de comunicación lingüística, tanto oral como escrita, pero tamén as de educación cívica, aprender a aprender, competencias sociais e capacidade de emprendemento.(CCL,CSC, CAA, CSIEE, CD, CMCCT)

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Definir xustiza, amizade, tolerancia, cooperación, fidelidade, liberdade, igualdade e solidariedade. (1 punto)
- Explicar a diferenza e poñer exemplos de relacións persoais, impersoais e cosificantes. (2 puntos)
- Explicar o significado que ten a dimensión comunitaria dos seres humanos. (1 punto)
- Explicar a socialización primaria e secundaria (1 punto)
- Enumerar os axentes de socialización (1 punto)
- Prácticas de habilidades sociais (5 puntos)

**B.- AVALIACIÓN**

Dado que a clase de ética non é máis ca unha hora semanal, valoraremos moito o traballo de clase.

En cada avaliación haberá un examen sobre a materia vista na clase, que suporá un 70% da nota. O outro 30% restante estará formado pola participación en clase, interese cara a materia, traballos tanto individuais coma en grupo, recollida de material sobre un tema proposto etc.

Será necesario un cinco para aprobar. No caso de suspenso, a **recuperación** poderá constar dun examen teórico, ou ben na presentación dun traballo indicado pola profesora. A nota final de curso obtense da media das tres avaliacións, tendo en conta todos os criterios recollidos anteriormente.

## **AVALIACIÓN 3ª**

### **A.-PROGRAMA**

#### **TEMA 4: VALORES ÉTICOS E DEREITOS HUMANOS**

**DURACIÓN APROXIMADA: 10 días**

**CONTIDOS:**

1. Dignidade das persoas e Dereitos Humanos.
2. Violación e defensa dos Dereitos Humanos.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

1. Coñecer a diferenza entre o ámbito do privado e o ámbito do público.
2. Saber qué son e cuáles son os Dereitos Humanos.
3. Ser conscientes das violacións de moitos Dereitos Humanos e da maneira de loitar contra elas.
4. Coñecer os Organismos que traballan pola defensa dos Dereitos Humanos.
5. Consecución axeitada das competencias clave e os elementos transversais, en especial a de comunicación lingüística, tanto oral como escrita, pero tamén as de educación cívica, aprender a aprender, competencias sociais e capacidade de emprendemento.(CCL,CSC, CAA, CSIEE, CD, CMCCT)

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:**

- Definir os Dereitos Humanos (1 punto)
- Citar algúns dereitos de 1ª xeración, de 2ª xeración de da 3ª xeración dos Dereitos Humanos (1 punto).
- Confecionar un mural sobre os Dereitos Humanos e a súa defensa na actualidade (5 puntos).
- Coñecer os Organismos que traballan pola defensa dos Dereitos Humanos (1 punto).

### **B.- AVALIACIÓN**

Dado que a clase de ética non é máis ca unha hora semanal, valoraremos moito o traballo de clase.

En cada avaliación haberá un examen sobre a materia vista na clase, que suporá un 70% da nota. O outro 30% restante estará formado pola participación en clase, interese cara a materia, traballos tanto individuáis coma en grupo, recollida de material sobre un tema proposto etc.

Será necesario un cinco para aprobar. No caso de suspenso, a **recuperación** poderá constar dun examen teórico, ou ben na presentación dun traballo indicado pola profesora.

A nota final de curso obterase da media das tres avaliacións, tendo en conta todos os criterios recollidos anteriormente.

Concretaranse as actividades e/ou exame de recuperación atendendo ao informe de avaliación correspondente. Diseñaranse atendendo ao grao mínimo de consecución para superar a materia.

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR AS MATERIAS DE VALORES ÉTICOS

### VALORES ÉTICOS

- Aprendizaxes vinculadas á competencia lingüística e social e cívica:
  - Nas tarefas propostas como instrumento de cualificación, mínimo:
    - comprensión lectora: identifica o tema dun texto, resume/exemplifica o que nel se enuncia e, en caso de habela, indica a súa conclusión,
    - léxico básico: *persoa, moral, socialización, estereotipo, valor, ética, relativo/universal, DDHH*. En 4º, ademais: *estado social, estado democrático, estado de dereito, legal/lexítimo*.
  - Na interacción comunicativa na aula e/ou no desenvolvemento de tarefas grupais, mínimos:
    - respecto polos dereitos das persoas, o trato en igualdade, o diálogo como ferramenta primordial para a resolución de conflitos.



- valoración crítica dos hábitos sociais relacionados co consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente.
- Aprendizaxes vinculadas á competencia de aprender a aprender, á iniciativa e á competencia científica:
  - **Mínimos:**
    - buscar/seleccionar información en páxinas web, elaborar/editar documentos de texto, referenciar, citar.

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### VALORES ÉTICOS

Todo o alumnado matriculado en Valores Éticos desenvolverá cada trimestre cuestionarios e/ou pequenas buscas de información ou participará nos proxectos ou retos propostos.

Nos cuestionarios proporanse ao alumnado preguntas que requiran respostas de tipo semiaberto ligadas ás aprendizaxes vinculadas á competencia *social e cívica e expresión e conciencia cultural*. Proporanse tamén cuestións que requiran respostas de tipo aberto directamente implicadas nas aprendizaxes ligadas á *competencia lingüística* e, tamén, *aprender a aprender* (relacionar, elaborar esquemas ou conclusións, argumentar as opinións..).

Buscas de información e, de ser posible, presentacións na aula complementarán as aprendizaxes básicas coas aprendizaxes explicitamente vinculadas á *competencia dixital*.

Instrumento de avaliación da *iniciativa emprendedora e competencia cívica*: proxectos ou retos (elaboración de enquisas, campañas informativas cara a comunidade educativa, exposicións grupais)

Lecturas, cuestionarios, buscas de información, traballo colaborativo e presentacións desenvolveranse, sempre que sexa posible, na aula. A observación directa da actitude e participación do alumnado é, no ensino presencial, instrumento complementario de avaliación das aprendizaxes relacionadas coa competencia en comunicación e cívica.

## METODOLOXÍA

Liña metodolóxica: comunicativa, inclusiva, activa e contextualizada. Nas actividades lectivas:

- aprendizaxe por problemas,
- aprendizaxe por proxectos ou retos (enquisas, campañas informativas, exposicións grupais,.. )

Estudo de casos e materiais multimedia complementarán na aula a lectura de textos ligados aos contidos específicos da materia.

Traballaremos desde a perspectiva de revisión de supostos e contextualizando as aprendizaxes deseñadas a nivel curricular coa actualidade mediática e coas experiencias propias do alumnado coa finalidade de garantir un clima de traballo inclusivo e participativo nas aulas.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Base material no proceso de aprendizaxes:

- textos filosóficos ou de carácter filosófico ( ensaio, artigo de opinión, novela gráfica,..)
- información en rede:
  - textos lexislativos,
  - recursos didácticos (MEC,CCAA, ...),
  - titoriais,
  - gráficas, imaxes, infografías .. (prensa dixital, webs institucionais ou de diversas axencias: ONGs, OCU,...)

Na área de Filosofía na ESO o proceso de avaliación das aprendizaxes do alumnado é continuo e de carácter formativo. Na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado non haberá, por tanto, nin temas nin avaliacións pechadas.

Cara a **calificación das actividades** propostas ao alumnado, indicadores de logro das aprendizaxes e competencias básicas:

- Cuestionarios.

Indicadores:

- *identifica/enumera*
- *analiza/describe/exemplifica*
- *elabora (resume, esquematiza, compara, define..)*
- *Comenta:*
  - *analiza*
  - *discrimina datos/valoracións,*
  - *achega razóns, reflexións e/ou valoracións no marco do respecto á diversidade, á igualdade entre mulleres e homes e DDHH en xeral.*

- Buscas de información con soporte informático e/ou proxectos ou retos

Aos estándares anteriores e, polo tanto, complementando/reforzando as competencias *lingüística, social, aprender a aprender e iniciativa emprendedora* respectivamente, engádense como indicadores de logro as aprendizaxes ligadas á competencia dixital.

Indicadores no tratamento da información con soporte informático:

- *edita marxes, tipo/tamaño de fonte,..*
  
- *insire hipervínculos/imaxes, táboas*
  
- *referencia,*
  
- *cita*
  
- *adxunta/envía a través da aula virtual ou mediante correo electrónico.*

Traballos grupais, proxectos ou retos, indicadores específicos:

- *emprende/deseña*
  
- *participa/colabora,*
  
- *adopta/amosa/exercita unha actitude tolerante e respectuosa.*

Indicar aspectos mellorables, formular respostas alternativas e reforzar positivamente as aprendizaxes das alumnas e alumnos: as correccións/cualificacións das actividades propostas na área de Filosofía na ESO teñen un obxectivo prioritariamente formativo. En Valores éticos, concretamente, as avaliacións negativas, -tanto nas materias propias do Departamento, como nas Xuntas de avaliación cara a promoción do alumnado-, terán, por tanto, carácter de excepcionalidade.

## MECANISMOS DE REVISIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

### Adecuación dos contidos e criterios de avaliación.

- Adecuación dos materiais didácticos utilizados, indicadores:
  - nivel de dificultade,
  - nivel de atención/motivación.
  - funcionalidade das medidas de atención á diversidade.

### As aprendizaxes alcanzadas polo alumnado.

- No proceso da avaliación continuada, alumnas e alumnos:
  - participan inclusivamente?
  - debátese?/argumentan?
  - revisan supostos iniciais/recorren ás aprendizaxes específicas da materia na argumentación?
  - exprésanse no marco dos valores éticos e cívicos que estudamos?

### A programación didáctica e o seu desenvolvemento.

- Secuenciación e temporalización:

- adecuación da secuenciación de estándares para cada unha das actividades/proxectos ou retos
  - adecuación da secuencia de traballo á temporalización prevista.
- Desenvolvemento da programación didáctica: procedementos/instrumentos de avaliación de avaliación.

#### Cuestionarios:

- entenden o que se lles pregunta?
- empregan o vocabulario básico traballado na unidade?
- entenden os textos de referencia?
- esténdense nas cuestións de tipo aberto?, argumentan?

#### Traballos de investigación

- seleccionan/discriminan?,
- referencian?,
- citan?

#### Traballos grupais, proxectos ou retos:

- participan colaborativa e inclusivamente?

## ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

No curso 2022/23 non hai alumnas ou alumnos con materias pendentes na área de Filosofía na ESO.

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

De carácter optativo para o alumnado, os coñecementos previos non condicionan decisións relativas ao desenvolvemento do currículo. Non así o grao de desenvolvemento das competencias lingüística e dixital.

Nos períodos lectivos iniciais, especialmente nos primeiros cursos da etapa, desenvolveremos actividades de lectura en común, expresión oral e escrita, uso básico da aula virtual e, de ser posible, procesamento de textos no ordenador. Actividades, todas elas, instrumentais na toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, concretamente: adecuar terminoloxía e contidos dos materiais de traballo e deseño de tarefas cara a cualificación do alumnado en función das necesidades detectadas e dos medios dispoñibles.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nas dinámicas ensino/aprendizaxe, medidas:

- explicar de xeito claro e sinxelo cuestións e/ou actividades propostas na unidade/período lectivo,
- utilizar soportes audiovisuais de apoio,

- utilizar estratexias para captar a atención,
- reforzar a interacción co alumnado: lecturas en común, estudo de casos, ..

Nas tarefas propostas:

- salientar mediante negriña que é exactamente o que hai que responder.
- nos textos: salientar termos criteriosais, teses ou, en caso de habela, a conectiva que indica conclusión,
- adxudicar espazos concretos para a resolución de cada pregunta.

Medidas individuais en función das NNEE de alumnas ou alumnos:

- ubicación nun lugar específico do aula,
- adaptar os tempos para a realización das actividades (tempo adicional),
- no caso de que non entenda *que* se lle solicita, lerlle as cuestións/tarefas, asegurando que escoitou e comprendeu o que se lle pide.
- nos traballos grupais, proxectos ou retos: conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira que lle axude a comprender/ realizar as tarefas e na interacción co grupo.



Todas as áreas incluídas na educación secundaria teñen en común o obxectivo de desenvolver a educación nos valores sinalados no artigo 6 do Real decreto 1105/2014 do 26 de decembro, finalmente, traducidos ao artigo 4 do DECRETO 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Transversais quizá noutras áreas, estes valores constitúen en todas as materias e niveis da etapa o eixo de referencia en torno ao que se articulan os obxectivos, contidos, criterios, estándares de aprendizaxe e competencias básicas na área de Filosofía na ESO.

En síntese:

- fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, o respecto aos dereitos humanos, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- evitar os comportamentos e estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- fomentar actividades que favorezan afianzar o espírito emprendedor e a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Nomeadamente promover a lectura e facer da Biblioteca un espazo próximo ao alumnado do Departamento.

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

O Departamento de filosofía ofrécese a colaborar nas actividades promovidas por outros Departamentos do centro.

